



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: MEDIDAS ANTE A PANDEMIA DE CORONAVIRUS COVID-19

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Tendo en conta que o 28 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma quedando prorrogado o mesmo ata as 00:00 do día 12 de abril de 2020.

Visto o Real Decreto-Lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta axea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto de loita conta o COVID-19, e tendo en conta que a Disposición Adicional Primeira do mesmo, entende que “*O Ministerio de Política Territorial e Función Pública e os competentes nas Comunidades Autónomas e Entidades Locais, quedan habilitados para ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais*”.

Tendo en conta o disposto no artigo 2.a da Lei 8/2011, de 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, entenderase por servizo esencial: “*o servizo necesario para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, a seguridade, o benestar social e económico dos cidadáns, ou o eficaz funcionamento das Institucións do Estado e as Administracións Públicas*”.

A vista do Decreto 126/2020 ditado por esta Alcaldía o 13 de marzo de 2020, polo que se adoptaron medidas ante a pandemia de corona virus COVID-19.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>( Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento( artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Ante esta situación excepcional, e en uso das facultades atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO** a adopción das seguintes medidas, que estarán vixentes ata o día 12 de abril como mínimo e condicionadas á evolución da enfermidade:

**Primeiro.-** Entender como servizos esenciais do Concello de Malpica de Bergantiños, os seguintes:

- Secretaria.
- Intervención.
- Tesoureira.
- Policía Local.
- Protección civil.
- Atención ao cidadán, que se levará a cabo vía telefónica, ou por medios telemáticos, pero non de forma presencial, salvo nos supostos de extrema necesidade, nos que se adoptarán as medidas de prevención establecidas polas autoridades sanitarias.
- Rexistro, que se levará a cabo de maneira telemática.
- Padrón municipal, atendéndose unicamente as solicitudes que se leven a cabo por vía telemática.
- Ciclo Integral da Auga, en canto se refira a garantir o subministro domiciliario de auga potable e os servizos de alcantarillado e saneamento.
- Recollida de lixo y limpeza viaria e do espazo público.
- Limpeza dos edificios municipais, nos casos nos que fora necesario por continuar o uso nos mesmos.
- Alumbrado público.
- Persoal de Servizos Sociais que deberá estar dispoñible para que queden atendidas todas as necesidades dos veciños, podendo desempeñar o seu traballo mediante teletraballo, sempre que fora posible, podendo ser requeridos en calquera momento para o traballo presencial se a gravidade da situación o require e atendendo as medidas de prevención establecidas.
- Persoal de axuda a domicilio que continuarán coa prestación do servizo, nos termos que resultan do Decreto 139/2020, ditado por esta Alcaldía o 20 de marzo de 2020.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento( artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Segundo.-** Como consecuencia de todo o anterior, e ao amparo do disposto no sinalado Real Decreto-Lei 10/2020, de 29 de marzo, todos os traballadores que non presten servizos efectivos por estar adscritos a Unidades Administrativas que non teñen a consideración de servizo esencial ou ben que, estando adscritos a Unidades que teñen a consideración de servizo esencial non realicen traballo efectivo por non corresponderlles por quenda, deberán recuperar, antes do 31 de decembro do presente ano, as horas non traballadas ata completar o cómputo máximo anual de xornada efectiva establecido por esta Administración.

O presente permiso conlevará que as persoas traballadoras conservarán o dereito á retribución que lles correspondese de estar a prestar servizos con carácter ordinario, incluíndo salario base e complementos salariais. A forma de recuperar as horas do permiso retribuído despois do estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020 será obxecto de negociación cos representantes dos traballadores nos termos previstos no artigo 3 do RDL 10/2020, do 29 de marzo.

**Terceiro.-** Todos os traballadores do Concello, cuxos servizos sexan esenciais ou non esenciais, que dende a declaración do estado de alarma veñan desempeñando o seu traballo na modalidade de teletraballo ou calquera das modalidades non presenciais de prestación de servizos continuarán prestando as súas funcións nesta modalidade e percibirán as súas retribucións actuais non tendo dereito ao permiso retribuído para as persoas traballadoras de servizos non esenciais.

**Cuarto.-** As persoas traballadoras que se atopan de baixa por incapacidade temporal ou cuxo contrato estea suspendido por outras causas legalmente previstas non lles é de aplicación este permiso retribuído.

**Quinto.-** O permiso retribuído recuperable regulado no Real Decreto-lei 10/2020 non resultará de aplicación ás persoas traballadoras das empresas adxudicatarias de contratos de obras, servizos e subministracións do sector público que sexan indispensables para o mantemento e seguridade dos edificios e a adecuada prestación dos servizos públicos, incluída a prestación dos mesmos de forma non presencial, todo iso sen prexuízo do establecido no artigo



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

34 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

**Sexto.-** Que se de traslado do presente Decreto ao persoal e distintos departamentos do Concello, e que se de conta do mesmo ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Walter Pardo Añón, do que eu, Eva Jardón López, como Secretaria, e aos únicos efectos de fe pública (RD 128/2018, de 16 de marzo) dou fe.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>( Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento( artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)